

Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo..

**Pleno do Concello de Oroso**

**Sesión ordinaria do 28/09/2017**

**Acta 2017/08.**

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 09:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 8 Josefina Iglesias Blanco (PP).
- 9 Suárez García, Silvia (PP)
- 10 Mosquera Boo, José Carlos (PP).
- 11 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON – ANOVA).
- 12 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo e asiste igualmente o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

## I PARTE RESOLUTORIA

### 1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello

- 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/07/2017. Acta 2017/06.
- 1.2.-Acta da sesión extraordinaria e urxente do 18/08/2017. Acta 2017/07.

### 2.-Toma de posesión como Concelleiro da Corporación de D. José Carlos Mosquera Boo.

3.- APROBAR provisionalmente novamente a modificación puntual nº 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oroso aos efectos de dar cumprimento da Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4171/2005.

### 4.- Aprobar se procede a modificación de créditos por transferencia nº 15/2017.

## II PARTE DE CONTROL

5.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 719/2017 do 19/07/2017 ata a nº 901/2017 do 22/09/2017.

6.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 19/07/2017 ata o 22/09/2017.

7.- Mocións dos Grupos municipais.

8.- Rogos e preguntas.



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

## I PARTE RESOLUTORIA

### 1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello

#### 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/07/2017. Acta 2017/06.

LOGO DE VER a minuta da acta 2017/06, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: once (6 de PSG-PSOE; 3 de PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos); adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 27/07/2017. Acta 2017/06.

**SEGUNDO.** INCORPORAR a acta 2017/06 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizandoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

#### 1.2.-Acta da sesión extraordinaria e urxente do 18/08/2017. Acta 2017/07.

LOGO DE VER a minuta da acta 2017/07, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: dez (6 de PSG-PSOE; 3 de PP; e 1 de BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: unha (1 de SON - ANOVA); adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 18/08/2017. Acta 2017/07.

**SEGUNDO.** INCORPORAR a acta 2017/07 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizandoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

### 2.-Toma de posesión como Concelleiro da Corporación de D. José Carlos Mosquera Boo.



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canceleiro

O Sr. Alcalde cédella a palabra a D. José Carlos Mosquera Boo para que proceda a tomar posesión como concelleiro da corporación integrándose no grupo municipal do PP.

D. José Carlos Mosquera Boo procede a facer xuramento do seu cargo mediante a seguinte fórmula: *“xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei, gardando e facendo gardar a constitución como norma fundamental do Estado.”*

Seguidamente o Sr. Alcalde dálle a benvida á corporación como novo concelleiro.

**3.- APROBAR provisionalmente novamente a modificación puntual nº 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oroso aos efectos de dar cumprimento da Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4171**

Logo de ver a proposta de acordo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, asinada polo Alcalde con data de 15/09/2017 que di:

*“LOGO DE VER que por acordo do Pleno do Concello do 28/01/2016 aprobase inicialmente a modificación puntual n.º 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co fin de dar debido cumprimento á sentenza firme ditada pola sala do contencioso – administrativo, Sección 2ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4171/2005, decretándose en dito acto a suspensión de licenzas para o ámbito da dita modificación e a apertura dun trámite de exposición pública do expediente por un prazo de dous meses.*

*LOGO DE VER que ao mesmo tempo que o trámite de exposición pública do expediente, o concello recabou das Administracións públicas competentes os informes sectoriais esixidos legalmente e que o contido do documento para a aprobación provisional axústase ás indicacións contidas nos mesmos. E igualmente concedido trámite de audiencia aos concellos limítrofes sen que estes presentasen alegacións algunha.*

*LOGO DE VER que transcorrido o prazo de dous meses establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia de exposición pública non consta a presentación de alegacións algunha.*

*TENDO EN CONTA que o artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que cumpridos o trámites sinalados nos apartados precedentes, o Pleno do Concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que teña que outorgar a aprobación definitiva.*

*TENDO EN CONTA que a Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia que entrou en vigor o 19 de marzo de 2016 derogando á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece en relación á tramitación das modificacións do PXOM que: os que, nesa mesma data, tiveran sido aprobados inicialmente poderán*

Sinatura do alcalde.

Sinatura do secretario.

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo..

*adaptarse integramente á presente lei ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se ben as súas determinacións terán que adaptarse plenamente á presente lei. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas na presente lei non implicará por si so, a necesidade de sometelo a unha nova información pública, salvo cando se pretendera introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia de tal adaptación.*

*CONSIDERANDO que neste caso o documento de aprobación provisional non inclúe ningunha modificación que alteren a ordenación xa proxectada e aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 28/01/2016, polo que non procede sometelo de novo a exposición pública.*

*TENDO EN CONTA que con data de 24 de novembro de 2016 foi aprobado polo Pleno da Corporación a modificación puntual nº 10 do PXOM de Oroso aos efectos de dar cumprimento á sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4171.2005 e remitida á Consellería competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.*

*Logo de ver que con data de 30 de xaneiro de 2017 por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, requiríuse a realización dunha serie de modificacións no documento aprobado provisionalmente.*

*Redactado novo documento modificado con data de abril de 2017 para adaptarse aos requirimentos da Xunta de Galicia e informado favorablemente pola Consellería de Medio Rural con data de 8 de xuño de 2017 e polo Instituto de Estudos do Territorio con data de 7 de xullo de 2017.*

*Ten en conta igualmente os informes favorables emitidos con data de 13/09/2017 pola Arquitecta Técnica Municipal e con data de 15/09/2017 polo Secretario do Concello.*

*TENDO EN CONTA que o órgano municipal competente para proceder á aprobación provisional do planeamento xeral é o Pleno do Concello (artigo 64 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en relación co disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*TENDO EN CONTA que o acordo ten que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación (artículo 47.2.11 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).*

*CONSIDERANDO que as razóns de interese público e xeral están sobradamente xustificadas na memoria xustificativa do documento que agora se trae a aprobación provisional e que derivan de dar cumprimento a unha sentenza xudicial firme.*

*TENDO EN CONTA os indicados preceptos e os informes emitidos, procede adoptar o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO. APROBAR PROVISIONALMENTE a modificación puntual núm. 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, coas correccións incorporadas no texto de abril de 2017, que non teñen carácter substancial, e remitir o documento ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.*

Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo..

**SEGUNDO.** SOMETERLLE o expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que teña que outorgar a aprobación definitiva.

*E esta é a miña proposta que previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo someto ao Pleno da Corporación.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde informa de que esta modificación xa se tiña aprobada pero en Medio Rural non a aceptaron e solicitaron que se procedera a realizar algún cambio. Se fixo dito cambio e se conta xa cos informes favorables polo que se volve a traer a aprobación.

D. Alexander Doval Expósito (PP) toma a palabra para sinalar que se trata dunha modificación do PXOM que é consecuencia do cumprimento dunha sentenza polo que non lle ven ningún tipo de problema, de feito non entende porqué se ten que aprobar xa que se trata simplemente de cumprir unha sentenza e non se tería nin que votar xa que non hai mais opción que cumprir a sentenza.

O Sr. Alcalde considera que efectivamente se trata de dar cumprimento a unha sentenza coa que moita xente non está de acordo, pero é unha sentenza e se ten que executar.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e sendo adoptado por:

Votos a favor: oito (6 do PSdeG-PSOE; 1 de SON-ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións; catro ( 4 do PP) o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** APROBAR PROVISIONALMENTE a modificación puntual núm. 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, coas correccións incorporadas no texto de abril de 2017, que non teñen carácter substancial, e remitir o documento ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.

**SEGUNDO.** SOMETERLLE o expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que teña que outorgar a aprobación definitiva.

#### **4.- Aprobar se procede a modificación de créditos por transferencia nº 15/2017.**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía e previamente ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Contas, Facenda e Patrimonio, que di:

*“Vista a memoria que antecede, e de conformidade co informe da Intervención de data 20 de setembro, en orde a dar cumprimento ó disposto nas bases de execución do presuposto para o vixente exercicio de 2017, e encontrándoo axustado ó disposto no artigo 179 e concordantes do TR 2/2004 e atrs. 40 e ss. do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, que adopte o seguinte acordo:*

*1º) A aprobación da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Transferencia de Crédito, Núm. 15.17,*

#### **PARTIDAS QUE SE MINORAN**




Sinatura do alcalde.  
 Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario.  
 Federico Suárez Canelo.

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
338.609.00	2017/4 OBRAS/4	Festexos Populares – Inversións en novas infraestruturas	15.000,00 €
<i>TOTAL</i>			15.000,00 €

**PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN**

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
453.210.00	Estradas – Mantemento infraestruturas	15.000,00 €
<i>TOTAL</i>		15.000,00 €

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que se remite ao sinalado na Comisión Informativa correspondente.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen entende que o que se pretende é destinar 15.000 euros a bacheo que se sacan da partida correspondente a infraestruturas para festexos populares.

O Sr. Alcalde, confirma que se trata dunha modificación para incrementar a partida de bacheo que é necesario suplementar xa que aínda quenda vías con moitas fochancas.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: unha ( 1 de SON – ANOVA) decidiu adoptar o seguinte acordo:

1º) A aprobación da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Transferencia de Crédito, Núm. 15/17.

**PARTIDAS QUE SE MINORAN**

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
338.609.00	2017/4/OBRAS/4	Festexos Populares – Inversións en novas infraestruturas	15.000,00 €
<i>TOTAL</i>			15.000,00 €

**PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN**

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
453.210.00	Estradas – Mantemento infraestruturas	15.000,00 €
<i>TOTAL</i>		15.000,00 €

**II PARTE DE CONTROL**

**5.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 719/2017 do 19/07/2017 ata a nº 901/2017 do 22/09/2017.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dos decretos de Alcaldía ditados desde o nº 719/2017 do 10/07/2017 ata o nº 901/2017 do 22/09/2017 que estiveron a disposición



Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo..

dos concelleiros desde a convocatoria da sesión ordinaria do pleno para a súa consulta.

**6.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 19/07/2017 ata o 22/09/2017.**

Dase conta dos reparos de intervención emitidos desde o 19/07/2017 ata o 22/09/2017 que estiveron a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno:

Nº	Data	Asunto
1	20/07/2017	Aprobación disposición e recoñecemento de obrigas de factura nº RM 3106 de Torneiro Maquicoruna S.A
2	25/08/2017	Aprobación do contrato de obras de reforma de vestiario de equipo visitante do campo de fútbol Lino Balado.
3	15/09/2017	Aprobación disposición e recoñecemento de obrigas da factura nº 60/2017 de María del Carmen Dopico Casas

**7.- Mocións dos Grupos municipais.**

**7.1- Moción de urxencia para a aprobación se procede da modificación de crédito nº 16/17.**

O Sr. Alcalde indica que se presenta esta moción de urxencia porque no mes de Agosto se aprobou polo Pleno da Corporación unha serie de obras para levar a cabo con cargo ao remanente de tesourería xarado no ano 2016 entre as que se incluía pofier o céspede no parque do Carboeiro; sen embargo como existe unha seca importante se decidiu cambiar o obxecto de tales obras co fin de poder destinalo a obras de abastecemento de auga que son cada vez mais necesarias e demandadas dada a situación actual de falta de chuva. Concretamente as obras se levarían a cabo en os Ánxeles e a Estación.

Apróbase por unanimidade dos membros presentes a urxencia da moción.

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

*“Vista a memoria que antecede, e de conformidade co informe da Intervención de data 26 de setembro, en orde a dar cumprimento ó disposto nas bases de execución do presuposto para o vixente exercicio de 2017, e encontrándoo axustado ó disposto no artigo 179 e concoráantes do TR 2/2004 e atrs. 40 e ss. do Real decreto 500/1990, de 20 de abril,*

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, que adopte o seguinte acordo:

1º) **A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Suplemento de Crédito , Núm. 16/17, do expediente de modificación de créditos mediante Suplemento de Créditos número 11/17, co seguinte detalle:**

**PARTIDAS Y PROXECTOS APROBADOS NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2017/11 DEIXADOS SEN EFECTO**

Sinatura do alcalde,  
 Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,  
 Federico Suárez Cancelo.

<b>PARTIDA</b>	<b>PROXECTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
171.609.00	2017/4/RLT/2	Instalación céspede artificial parque infantil do Carboeiro	25.000,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>25.000,00 €</b>

#### **PARTIDAS Y PROXECTOS SUSTITUTIVOS**

<b>PARTIDA</b>	<b>PROXECTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
161.609.00	2017/4/RLT.7	Abastecemento de auga á Sar Parroquia Ánxeles e Estación de Garga en Trasmonte	25.000,00 €
		<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>25.000,00 €</b>

#### **ESTADO DE INGRESOS**

<b>CONCEPTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	25.000,00 €
	<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>25.000,00 €</b>

2) *Dispõe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2:2004, Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 177 da mesma lei. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado."*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen considera que non ten nada que debater neste punto xa que se trata de cousas necesarias e mais nos tempos nos que nos atopamos.

D. Alexander Doval Expósito (PP), considera que o problema da seca é un problema moi grave e que sería necesario concienciar aos veciños deste problema e a necesidade de aforrar auga. Por outro lado o concello ten que facer todo o posible para levar este servizo de abastecemento a toda a poboación.

O Sr. Alcalde afirma que desde a Fegamp se está negociando coa Xunta de Galicia para chegar a un pacto da auga, co fin de que se poidan facer estudos para detectar que partes de Galicia son as mais necesitadas e se poida facer obras para emendar esta situación.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de SON- ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) decidiu adoptar o seguinte acordo:

1º) **A aprobación inicial** da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2017, mediante Suplemento de Crédito , Núm. 16/17, do expediente de modificación de créditos mediante Suplemento de Créditos número 11/17, co seguinte detalle:



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo..

**PARTIDAS Y PROXECTOS APROBADOS NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2017/11 DEIXADOS SEN EFECTO**

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
171.609.00	2017/4/RLT/2	Instalación céspede artificial parque infantil do Carboeiro	25.000,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>25.000,00 €</b>

**PARTIDAS Y PROXECTOS SUSTITUTIVOS**

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
161.609.00	2017/4/RLT/7	Abastecemento de auga á Sar Parroquia Ánxeles e Estación de Garga en Trasmonte	25.000,00 €
		<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>25.000,00 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CONCEPTO	CONCEPTO	IMPORTE
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	25.000,00 €
	<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>25.000,00 €</b>

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 177 da mesma lei. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado.”

**7.2.-Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (RE nº 3665/2017 do 27/09) para esixir unha cobertura e servizo de calidade no sistema eléctrico no Concello de Oroso.**

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen logo de dar a benvida a D. José Carlos Mosquera Boo como concelleiro da Corporación, sinala que o tema desta moción é un tema bastante que claro que se refire ás continuas deficiencias que se están a ter no servizo eléctrico polos veciños do concello. Considera que no seu día se deu un gran avance para levar o subministro eléctrico a moitos lugares do concello pero agora é o momento que se adopten medidas para mellorar o servizo en determinados puntos da rede eléctrica onde se producen frecuentes cortes.

Non existindo mais intervencións se somete a votación a urxencia da moción presentada e o Pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) acorda aprobar a urxencia da moción presentada.

A continuación D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) da lectura á moción:

“O subministro de enerxía eléctrica no Concello de Oroso reforzouse de forma significativa tras unha inversión de mais de dous millóns de euros que serviu para a entrada en funcionamento de cinco novas liñas que parten da subestación eléctrica de Sigüeiro. Da inversión total, que ascendeu a 2.057.000 euros, a Consellería de Industria



Sinatura do alcalde,  
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,  
Federico Suárez Cancelo..

asimiu 1.143.000 euros, estamos a lembrar o mes de abril de 2.008.

O Concello de Oroso estaba a padecer constinuos cortes no subministro eléctrico, padecendo innumerables consecuencias e perdas económicas e de asentamento e instalación de empresas. Foi sen duda unha das mellores novas que tivemos e fixo que o noso concello puidese dar un salto de calidade no servizo.

O Concello de Oroso estaba a acometer coa Consellería de Industria un Plan de mellora das Redes Eléctricas do noso concello, unha actuación que quedou paralizada co cambio de goberno da Xunta de Galicia e a falta de inversións.

Lonxa de abordar estas actuacións, incluso houbo nülceor de poboación onde o subministrao se lle cambiou de lugar para ser feito dende outras ubicacións e dende outros concellos limítrofes sendo mais deficientes e con continuos cortes que se seguen a padecer, é o caso dos veciños da Estación de Vilacide, e todo para favorecer ás empresas concesionarias.

Esta mesma situación a están a padecer os veciños doutras zonas como Villarromariz. Senra, Cardama, Áxeles, Calvente ou Pasarelos os cales non se viu reforzada as liñas nin o subministro en condicións.

Dende o Concello vimos a facer continuas peticións non só ante Unión Fenosa subministradora do servizo, tamén ante a Subdirección Xeral de Enerxía máxima responsable os cales seguen a dar a calada por resposta.

Hai quen segue facer "gala" da demagogia e facer falsas acusacións contra o Goberno de Oroso conad fomos os únicos en poñermos e así o seguiremos a facer do lado dos veciños. O Goberno de aquel momento e o actual sempre estivemos a facer xestións e iniciativas para mellorar as redes e o subministro eléctrico de todas as zonas do concello. Dende o ano 2009 a Consellería de Industria non fixo melloras no subministro do noso concello.

Dende o ano 2008 Unión Fenosa non fixo melloras no subministro no noso concello.

O grupo municipal socialista de Oroso propón ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia a que a través do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas como máximo responsable á mellora das redes de distribución de enerxía eléctrica.
- 2.-Instar á Consellería de Industria como máximo responsable do cumprimento dos convenios de colaboración coas empresas subministradoras de cumprir os mesmos pois é quen financia obras nas redes eléctricas de baixa, media e alta tensión.
- 3.-Esixir a Unión Fenosa Distribución o cumprimento dos acordos coa Consellería de Industria e o mesmo tempo un correcto mantemento das liñas e un bo servizo cara ós veciños.
- 4.-Dar traslado deste acordo tanto aos responsables da Consellería de Industria coma Unión Fenosa Distribución."

Ábrese unha quenda de intervencións.

Logo da lectura da moción, toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen pon de manifesto que pesa ao moito que foi criticado o bipartito lembra como esta cuestión, tal como se recolle na moción, recibiu un pulo importante cando estaba o bipartito gobernando así que non debía ser tan malo para Oroso cando gobernaba. Para axudar ao concello non basta con protestar e criticar é necesario colaborar.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo está de acordo en que existen zonas do concello deficitarias en canto ao subministro de servizo eléctrico que hoxe en día é un servizo básico tendo en conta que todos os electrodomésticos que existen nos fogares necesitan de subministro e que un corte no mesmo produce importantes trastornos, polo que están a favor da moción que se presenta.



Sinatura do alcalde,  
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,  
Federico Suárez Canelo..

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quere agradecer a intervención de D. José Manuel Pérez Penas e lembrar que el estaba de concelleiro nese tempo en que se lograron importantes avances nesta materia no Concello de Oroso. Sen embargo, quere lamentar que o Sr. Doval leve unha cousa ás redes sociais e diga outra no salón de plenos do Concello. Nas redes sociais fala da necesidade dun Alcalde para todos e non para uns si e outros non, e neste caso estamos a presentar unha moción para que a Xunta de Galicia que é a responsable e leva moitos anos sen facer unha soa inversión, asuma a responsabilidade co concello de Oroso. Neste sentido sinala que as balas de D. Alexander Doval Expósito non deberían ir dirixidas ao Alcalde e si ser gastadas na Consellería de Industria. Considérase que non debería dicirse nas redes sociais que o Alcalde discrimina aos seus veciños e que non se debería desviar do problema que é que a Consellería é a responsable dos problemas do noso Concello xa que é a Consellería de Industria a que debe velar para que Unión Fenosa cumpra coas concesións. Posiblemente o que di nas redes sociais lle funcione pero a realidade é que é a Xunta de Galicia a responsable. Finaliza sinalando que o seu grupo non promete que van a solucionar o problema xa que non está nas nosas mans pero o que si pode prometer é que pelexarán porque se solucione.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) sinala que o Sr. Leira Piñeiro debería ter coidado coa referencia ás balas non vaia a citaio o Fiscal.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que a referencia ao dito nas redes sociais se refire polo feito de que na nota de prensa do Concello se facía referencia exclusivamente a un lugar, cando son varios os que teñen problemas co subministro, pola contra na moción agora presentada si que se fala de todos os lugares que presentan problemas, por iso xa anunciamos que a imos a votar a favor, xa que considera que o realmente importante é que a estes veciños se lles solucione o problema.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que os problemas eléctricos veñen dunha mala política nesta materia, con tanta liberalización dos sectores paracía que se ía a mellorar, que existiría mais competencia, sen embargo esto no foi así, se crearon grandes oligopolios privados e o problema é que nin tan sequera, nestas empresas, hai con quen falar, non hai ningún interlocutor. En todo caso, si que se pode dicir, que desde a Alcaldía se fixeron xestións con Unión Fenosa para tentar arranxar este problema. Considera que a nota de prensa di simplemente que un grupo de veciños víferon a manifestar as súas queixas ao concello, que foi o que pasou pero iso non quere dicir que se perxudique a outros veciños doutros lugares o Concello traballa para que se melloren todos os puntos que teñen problemas.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que ao fio deste tema sería tamén interesante, que tendo en conta que cada vez que se producen cortes de subministro os particulares poden presentar unha reclamación a Unión Fenosa pero ten que ser nun determinado modelo polo que non sabe se desde o Concello, aínda que é consciente do pouco persoal e da moita carga de traballo, se podería axudar a facer estes escritos de reclamación aos veciños xa que son escritos moitas veces complicados.

O Sr. Alcalde responde que aos veciños que o solicitan xa se lles está axudando a presentar tales escritos de reclamación.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o pleno por:

Votos a favor: doce ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P; 1 de SON –ANOVA e 1 do BNG).



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia a que a través do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas como máximo responsable á mellora das redes de distribución de enerxía eléctrica.
- 2.-Instar á Consellería de Industria como máximo responsable do cumprimento dos convenios de colaboración coas empresas subministradoras de cumprir os mesmos pois é quen financia obras nas redes eléctricas de baixa, media e alta tensión.
- 3.-Esixir a Unión Fenosa Distribución o cumprimento dos acordos coa Consellería de Industria e o mesmo tempo un correcto mantemento das liñas e un bo servizo cara ós veciños.
- 4.-Dar traslado deste acordo tanto aos responsables da Consellería de Industria coma Unión Fenosa Distribución.”

**7.3.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE (RE nº 3666/2017 do 27/09) para esixir a suspensión da peaxe no enlace da AP-9 en Sigiñeiro – Santiago.**

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que se ben é certo que o enlace da AP-9 xa está aberto, o certo é que non é o que nos demandábamos e por iso presentamos esta moción xa que solicitamos que se proceda á supresión da peaxe.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P; 1 de SON –ANOV.A e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ), aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D. Antonio Leira Piñeiro da lectura á moción presentada que indica:

“O 18 de novembro de 2011, o último Consello de Ministros presidido polo socialista José Luis Rodríguez Zapatero aprobaba o Real Decreto 1733/2011 polo que se aprobaba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, concesaria española sociedade anónima, polo que se modifican determinados términos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autopista do Atlántico AP-9 para a ampliación de capacidade de diversos tramos da devandita autopista. Un proxecto que contaba cun orzamento base de licitación de 7,94 millóns de euros e que supoñía a culminación das xestións realizadas polo alcalde Manuel Mirás desde o ano 2002.

Unhas negociacións que se iniciaron co ministro de Fomento daquel entón, Francisco Álvarez Cascos e que o longo destes anos supxo unha auténtica carreira de despropósitos de cuíros recordos desexamos sirvan para aprender dos erros, e que non volva a suceder o trato discriminatorio que padeceu o Concello de Oroso e os veciños. O enlace sur da AP-9 sempre foi un compromiso do Estado, un compromiso que o actual Goberno de Mariano Rajoy aparcou e chegou a dilapidar coas distintas actuacións que todos sabemos e padecemos estes anos. Lembremos que tivo que ser a concesionaria da autopista, Audasa, quen dera un paso adiante realizando en marzo de 2014 unha operación financeira para poder financiar as obras.

O 27 de febreiro de 2015 anúnciase o inicio das obras de construción do enlace sur da AP-9, comezando a traballar as máquinas o 10 de marzo dese mesmo ano. Unha posta en marcha que se foi retrasando a setembro e finalmente, ata o 15 de outubro, momento no que Concello de Oroso fai unha reclamación diante do Ministerio de Fomento ao

Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Canelo..

comprobar que as obras estaban marchando a ralenti e que o 19 de outubro xa no había ninguén traballando.

A pesar dos intentos de negar a realidade tanto do Partido Popular de Oroso como da propia ministra de Fomento, que mesmo chegou a comprometerse publicamente o 21 de outubro de 2015 a que as obras estarían rematadas a finais de novembro de 2015, o único realmente certo é que dende outubro as obras permanecen paralizadas por “cuestións burocráticas” do Ministro do Fomento.

O Grupo Municipal socialista entende que os veciños e veciñas de Oroso seguimos a vivir e padecer como unha infraestrutura que tería que ser un avance na calidade de vida de todos, volvemos a ser castigados polas formas de poñer en marcha e custes da mesma.

En segundo lugar, para os milleiros de conductores que circulan cada día por un tramo e cun custe desproporcionado.

E, por último, como un castigo económico para as empresas instaladas noa concello ó facer uso dunha infraestrutura tan necesaria para o cremento futuro do concello.

Diante esta grave situación, o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza miran para outro lado e admiten esta situación sin tan siquera abrir un debate sobre o prezo que terá a peaxe.

“La autopista del Atlántico es una de las tres mas caras de España en función del precio de sus peajes por kilómetro. La conclusión es apuntada por el Ministerio de Fomento en su análisis anual del sector, en el que coloca a la AP-9 como la más cara para los transportes pesados, la segunda de mayor precio para vehículos ligeros y la tercera para los de categoría 2”, son datos del Ministerio de Fomento o que convirte o tramo Sigüeiro – Santiago nun dos máis caros do estado, sen dúbida un castigo mais.”

O Grupo municipal Socialista de Oroso propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Instar ao Goberno do Estado a negociar ante Audasa a supresión da peaxe da AP-9 no enlace Sigüeiro – Santiago.

**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a que apoie as xustas reivindicacións do Concello de Oroso e medie diante do Goberno do Estado e Audasa para tratar de supresión da peaxe da AP-9.

**Terceiro:** Dar traslado deste acordo tanto aos responsables do Ministerio de Fomento como da Xunta de Galicia.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

A continuación toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que está de acordo con esta moción, xa que 1,60 euros para unha persoa que traballe e que teña que ir todos os días e para un fogar onde sexan dúas persoas que utilicen todos os días laborables a autoestrada é un gasto importante. Considera que xa que existe un acordo de todos os grupos do parlamento galego en relación a esta cuestión, considera que sería interesante tamén si se puidera dar traslado da presente moción tamén a cada un destes grupos parlamentarios e non so á Xunta de Galicia e ao Estado.

Intevén D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON- ANOVA) quen afirma que a historia da autoestrada é a historia de Galicia, se lle deu a unha empresa privada unha concesión por 30 anos e cando ía a rematar no 2018 o Sr. Aznar regaloulle aos seus amigos 30 anos mais e sen atender necesidades de acceso como o de Oroso ou o de Vigo, o único para o que serviu foi para dar diñeiro ás empresas. Poñer unha peaxe de 1,60 euros é un insulto. Afirma que votará a favor da moción aínda que non vai a servir de nada. Votan





Sinatura do alcalde,  
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,  
Federico Suárez Cancelo.

todos os partigos aquí en Galicia e despois chega a Madrid e non serve de nada.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que ao longo desta lexislatura existiu varias veces debate sobre esta cuestión da autoestrada pero lle consta que aínda que existen posicións diferentes dos distintos grupos municipais, a preocupación de todos os concelleiros era que se abrise o tramo de autoestrada. Agora xa está aberto e efectivamente o custo de 1.60 euros para ir desde Oroso a Santiago ao seu grupo lle parece moito. Desde o Parlamento de Galicia solicitouse a cesión da autoestrada e sen embargo desde Madrid non se atende o cal resulta bastante incomprensible. É un tema complexo, xa que se ve que existe unanimidade do Parlamento de Galicia e sen embargo non é atendido por Madrid.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que quereda centrar o debate no tema da supresión da peaxe e non tratar o tema da cesión da autoestrada a favor da Comunidade Autónoma por entender que se trata de cuestións diferentes. Afirma alegrarse de que todos os grupos municipais estean de acordo nesta cuestión, que segundo a súa opinión, evidencia a falla dunha política de estradas en Galicia, xa que non ten lóxica que se poida ir gratis de Coruña a Lugo e sen embargo se teña que pagar de Coruña a Santiago.

Afirma que o seu grupo está de acordo na proposta realizada por D. José Manuel Pérez Penas, no relatimo a remitir a moción a todos os grupos parlamentarios. Quere lembrar que Audasa está a gañar 47 millóns de euros. Aínda encima do que se tivo que esperar para a apertura do enlace agora temos que pagar unha peaxe que é desproporcionada o ranking existente.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON-ANOVA) afirma que a autoestrada é unha das mais caras de España e considera que é un castigo mais para Galiza.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) afirma que D. Alexander Doval Expósito na súa intervención manifestous que era inexplicable porque desde Madrid non se atendía a solicitude de cesión da autoestrada, e que non sabía caíes eran as razóns. As razóns que esgrime o Ministerio é que sería discriminatorio en relación a outras Comunidades Autónomas, o que lle lembra a outra resposta que lle deron tamén no seu día ao Concello en relación ao 112 cando o quitaron.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que se aproba por unanimidade no Parlamento de Galicia e logo chega a Madrid e Núñez Feijoo, que tanto presume, non sabe que fan e non o aproban.

D. Alexander Doval Expósito (PP) Afirma que non pretendía desvirtuar a moción sacando o tema da transferencia da autoestrada, e en todo caso é cofecedor de que existe malestar no PP de Galicia polo feito de que non se autorice desde o Estado a transferencia e que é un tema que non quedará así e que seguirán loitando para que a transfiran.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que está totalmente de acordo con todas as intervencións levadas a cabo polos concelleiros dos diferentes grupos. En todo caso, quere que non se entenda mal a súa opinión, pero algún sector da poboación está contento con que se teña aberto o enlace, aínda que sexa pagando, como por exemplo as empresas do polígono industrial xa que lles permite reducir moito o tempo. Moitas empresas non miran tando en kilómetros se non en aforro de tempo xa que para eles sito aforro se traduce en cartos. Afirma que cando se negociou o tema da autoestrada, tivo dúbidas xa que se pretendía facer tamén unha autovía que enlazaba con Lavacolla





Sinatura do alcalde.

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo..

e logo coa de Lugo, pero como ise proxecto ía para mais tempo se tivo que apoiar o enlace coa AP-9 e neste caso nun primeiro momento prometeron que sería unha peaxe de 0,80 euros e agora se cobra finalmente o dobre. Falouse igualmente aquí do tema da transferencia a favor da Comunidade Autónoma, sen embargo o feito de que se consiga non quere dicir que vai a ser gratuíta xa que seguiríamos tendo que lle pagar a Audasa e recuperala concesión pola Xunta custaría moitísimos cartos e iso suporía hipotecar os orzamentos de Galicia en infraestruturas para 12 ou 15 anos.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) apunta que a un grupo parlamentario lle deron 3.500 millóns de euros por apoiar os orzamentos.

O Sr. Alcalde responde que é verdade pero que Galicia so ten parlamentarios de partidos estatais. Este tema da peaxe virá moitas veces ao Pleno para volver a ser tratado.

E non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adpta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar ao Goberno do Estado a negociar ante Audasa a supresión da peaxe da AP-9 no enlace Sigüeiro – Santiago.

**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a que apoie as xustas reivindicacións do Concello de Oroso e medie diante do Goberno do Estado e Audasa para tratar de supresión da peaxe da AP-9.

**Terceiro:** Dar traslado deste acordo tanto aos responsables do Ministerio de Fomento como da Xunta de Galicia e os diferentes grupos políticos con representación parlamentaria:

### 8.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen pregunta se o Sr. Alcalde ten coñecemento da existencia en Portoavieira dunha antena de telefonía e se é legal e se conta ou non con licenza municipal.

O Sr. Alcalde responde que non a viu e que non lle consta que teña licenza.

D. José Manuel Perez Penas (BNG) sinala que nun futuro próximo, e tendo en conta que o obxectivo da Fundación Francisco Franco pretende enaltecer o franquismo co gallo das visitas que se poidan realizar o Pazo de Meiras, quereda propoñer que o Concello de Oroso se adherise ao acordo para recuperar o Pazo de Meirás.

O Sr. Alcalde afirma que o que está a facer a familia Franco é como se el despois de deixar de ser Alcalde se levase o coche do Concello para casa, ou como se Felipe González que cando era Presidente do Goberno veraneaba en Doñana, logo de deixar de selo se adueñase do parque natural. Considera que o Pazo de Meirás tería que pasar a ser da Xunta de Galicia ou do Concello de Sada.

Toma a palabra D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON –ANOVA) quen afirma que el con Franco non se mete non vaía a ser que teña problemas co que poida dicir. Continua

Sinatura do alcalde,

Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Canelo,

sinalando que o 29 de maio de 2015 xa reclamou que existen unhas pistas que desembocan en German Iglesias nas que hai dous pinos secos que poden caer e causar graves danos polo que solicita que se adopten as medidas necesarias. Igualmente sinala que diante da Ferreira existe un rexistro que está moi fondo, que tamén tiña comentado xa, que é un perigo e finalmente solicita que se lle dea contestación aos escritos que ten presentado no Concello.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que na Avenida da Grabanxa existe unha intersección na que xa se produciron varios accidentes, aínda que lle consta que o Concello ten un proxecto para melloralala solicita que as obras se aceleren o máximo posible para solucionar este punto. Igualmente sinala que os pasos de peóns están moi preto das interseccións polo que sería bo tal vez cambialos de sitio. Solicita igualmente que se acometa o rebacheo da pista que vai de Piñeirón á Famelga que está en mal estado e que debeuse producir polo paso de camións pola mesma.

O Sr. Alcalde responde que esa pista está incluída no plan de bacheo e se fará en breve.

Continúa D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que na rúa da Toxeira teñen problemas co saneamento. Igualmente na Avenida da Grabanxa na altura da droguería hai 3 baldosas soltas e pode caer algunha persoa.

Igualmente existe unha marquesiña de autobús en Carollo, que se ubica nun lugar que non é o mais axeitado aínda que entende que a parada do autobús probablemente a marque a Consellería e que non depende do Concello pero polo menos solicita que se limpe a marquesiña e se adecente o lugar.

A senda peatona da Baiuca a Senra que foi adxudicada a obra a Excavaciones Pose, nas últimas semanas se levantou un tramo e quería saber cal foi o motivo.

Intervén D. Eduardo Veiras Rey (PSdeG-PSOE), quen responde que se equivocaron e botaron demasiado formigón incumprindo as condicións que marcaba Patrimonio e se tivo que levantar e volver a facer.

O Sr. Alcalde sinala que en canto á observación feita polo Sr. Doval sobre os pasos de peóns da Avenida da Grabanxa se está a discutir e valorar se é mais efectivo pintalos mais atrás ou non, xa que pode ser que a xente termine cruzando por onde non existe paso pintado e vai ser peor. En canto aos problemas de saneamento da Toxeira é un tema que non ten solución, o edificio está moi baixo e a única solución é que poñan unha bomba moi boa ou cambiar o saneamento enteiro pero eso lle correspondería á Comunidade de Propietarios e non ao Concello.

D. Alexander Doval Expósito (PP) os edificios que están incluso mais altos da estrada tamén teñen o mesmo problema.

O Sr. Alcalde, pode ser que os edificios estean mais altos pero o saneamento que é aquí o que importa está mais baixo, polo que afirma que non lle ve moita solución ao problema.

E non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde seguidamente procede a dar por rematada a sesión cando son as 10:38 horas do día antedito, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe do seu contido.

O alcalde,

O secretario

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Canelo.